



Convocatoria permanente para optar á ocupación dos NIÑOS EMPRESARIAIS sitos no CENTRO EMPRESARIAL TRANSFRONTEIRIZO DE BARBADÁS

En virtude do artigo número 10 da Ordenanza reguladora do servizo de niños empresariais sitos no Centro Empresarial Transfronteirizo do Concello de Barbadás, publicada no BOP de 25 de maio de 2017, ábrese o prazo de presentación de solicitudes o vindeiro 16 de xuño de 2017, que se prolongará ata o 16 de agosto de 2017.

O procedemento de selección iniciarase na data en que se presente no Rexistro Xeral do Concello de Barbadás a documentación completa, incluída a solicitude asinada polo/a representante da empresa.

Poderán beneficiarse dos servizos deste Centro aquelas persoas físicas e xurídicas habilitadas legalmente para o exercicio das funcións declaradas que contén cun proxecto empresarial que fose seleccionado pola súa viabilidade. Este centro está destinado a empresas de nova ou recente creación, considerando como antigüidade máxima do negocio un ano. Para estes efectos tomarase a data de outorgamento da escritura de constitución por parte do correspondente notario, en caso de sociedades, e para persoas físicas a data máis antiga entre o alta no réxime especial de traballadores autónomos e a de alta no IAE.

Quedan excluídas do uso dos niños empresariais, as empresas que non poidan ser consideradas PEMES.

Igualmente quedarán excluídas aquelas actividades e proxectos empresariais que prexudiquen o desenvolvemento normal do centro, a convivencia no mesmo ou que incidan negativamente no medio ambiente (calor, risco de incendios, gases, vibracións, ruídos superiores aos permitidos, luces intensas, malos cheiros, etc.) e, en xeral, aqueles cuxa actividade non sexa compatible cos usos que admita o niño.

A valoración dos proxectos corresponderá a unha Comisión creada ao efecto que será encargada de ponderalos considerando os criterios de baremación incluídos na Ordenanza.

Aquelas solicitudes que, aínda superando os 50 puntos, non resulten elixidas por estar os locais ocupados, integrarán a lista de espera á que se recorrerá para posibles vacantes. A validez das solicitudes será dun ano transcorrido o cal deberá reactivarse mediante nova solicitude.



Concello de Barbadás